

LCL	IES de Mugarbos. Departamento de Lingua castelá e Literatura		Bacharelato 1.º Bach 2020 - 2021
	MATERIA	Lingua castelá e Literatura	
	PROFESOR/A	Ana González	

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Os textos expositivos. Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo.

Coñecemento e explicación da pluralidade lingüística de España. As súas orixes históricas.

Recoñecemento e explicación das variedades funcionais da lingua.

Categorías e funcións. As clases de palabras: substantivo, adxectivo, adverbio, preposicións e conxuncións, determinantes e pronomes.

Estilística do sintagma nominal.

A literatura medieval: dos inicios da lingua castelá ao século XV (incluído).

2.ª AVALIACIÓN

Os textos argumentativos orais e escritos.

O verbo e o sintagma verbal.

As perífrases verbais.

O Renacemento e o barroco: a literatura dos séculos XVI e XVII.

3.ª AVALIACIÓN

Produción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade.

Oración e enunciado.

A oración simple.

As funcións sintácticas.

Clasificación da oración simple.

Introdución á oración composta: A oración composta subordinada substantiva. o A oración de relativo.

A literatura nos séculos XVIII e XIX (Ilustración, romanticismo, realismo e naturalismo).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude			
Conceptos e procedementos	100%	Probas escritas	60,00%
		Traballos da aula	10,00%
		Lecturas	20,00%
		Traballo-proxecto	10,00%

Haberá dúas probas escritas por avaliación (unha de lingua e outra de literatura). En canto ás lecturas, os alumnos deberán ler unha obra por avaliación. Farase unha proba de lectura que suporá un 20% da nota. É importante que os alumnos conserven todos os traballos feitos ao longo da avaliación (fichas, exercicios do libro ou propostos pola profesora...), porque supoñen o 10% da nota.

As preguntas das probas escritas (agás os tipo test) puntuarán sobre 9. O punto restante acádase se o alumno ou alumna amosa unha correcta expresión sen faltas de ortografía. De tal xeito, tamén se descontará 0.1 por cada falta (tanto marcas de acentos como grafías) ata esgotar o punto destinado a avaliar a corrección ortográfica.

A nota final do curso será a media das notas das tres avaliacións (as notas aritméticas, con decimais,

obtidas en cada avaliación e non a redondeada que figura nos boletíns). En caso de suspender, os alumnos poderán presentarse a un exame final, no que tamén se avaliarán as lecturas obrigatorias.

No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non.

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas:

1ª Avaliación: - Fernando de Rojas: *La Celestina*

2ª Avaliación: - *El Lazarillo de Tormes*

3ª Avaliación: - Leandro Fernández de Moratín: *El sí de las niñas*

Lecturas voluntarias:

1. Arturo Pérez Reverte: *El capitán Alatriste*.
2. Selección de capítulos de EL Quijote elaborada por la profesora,
3. Calderón de la Barca: *La vida es sueño*.
4. Lope de Vega: *El perro del hortelano*.
5. Lope de Vega :*Fuenteovejuna*.
6. Duque de Rivas: *Don Álvaro o la fuerza del sino*.
7. B. Pérez Galdós. *Doña Perfecta*
8. Artículos de Mariano José de Larra: “*Vuelva usted mañana*”, “*El casarse pronto y mal*” y “*El castellano viejo*”
9. Emilia Pardo Bazán : *La tribuna*

Esta listaxe poderá ser ampliada con títulos consensuados polo alumnado e a docente.

TIC

As TICs estarán integradas na docencia diaria da asignatura, gracias a que a aula de referencia está equipada cun encerado dixital, que é empregado tanto para amosar documentos (gráficos e audiovisuais) que apoian as explicacións como para facer exercicios do día a día. Aparte diso, os alumnos traballan coas TICs ao facer as súas actividades de investigación, para o que son asesorados pola profesora.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...